

O TEXTO E AS PROPIEDADES TEXTUAIS.

1. O texto. Características
2. As propiedades do texto
 - a. Adecuación
 - b. Coherencia
 - i. Progresión temática
 - c. Cohesión


QUE É UN TEXTO?

O texto é a unidade de comunicación máxima, oral ou escrita, intencionalmente emitida por un falante, con sentido completo e un propósito comunicativo concreto.

- **Unidade de comunicación máxima.** Independentemente da extensión do texto, ten que transmitir unha mensaxe con sentido total, coherente e unitario. En consecuencia, tanto un artigo xornalístico como unha chamada de “Socorro!” constitúen un texto, xa que teñen sentido nun contexto determinado.
- **Intención comunicativa.** Calquera texto ten que perseguir unha finalidade concreta: informar, persuadir, entreter, instruír... Atendendo a isto temos textos literarios, informativos, persuasivos, instrutivos...

AS PROPIEDADES DO TEXTO

Para que un texto sexa considerado como tal, isto é, que teña unidade e sentido debe posuír tres propiedades: adecuación, coherencia e cohesión:



A ADECUACIÓN

Para que un texto sexa adecuado debe atender aos seguintes factores:

- **Tema.** O tema condiciona o contido do texto pero tamén a forma: a terminoloxía empregada, o rexistro lingüístico empregado (formal, informal) e o nivel (culto, medio, vulgar).
- **Intención.** A nosa intención condiciona o tipo de discurso que se emprega (argumentativo, descritivo) e tamén o rexistro e o nivel de lingua empregados.
- **Destinatario.** O receptor do noso texto condiciona o léxico escollido, a especialización na exposición, as formas de tratamento escollidas...
- **Situación.** Condiciona o rexistro usado, informal ou formal.



Nesta situación non se respecta a adecuación en canto ao contido nin ao rexistro.



A COHERENCIA

Para que un texto sexa coherente a información que ofrece debe cumprir as seguintes calidades:

- **Completa e suficiente.** Débese presentar a información suficiente para lograr a comprensión do texto, non deben faltar datos importantes nin incluír información superflua.
- **Clara.** Debe estar exposta de modo comprensible, sen rodeos nin oposicións entre ideas.
- **Organizada.** A estrutura do texto debe definirse previamente e debe axustarse ao tipo de texto que se vai producir. As ideas organizanse en parágrafos.
- **Pertinente.** Só se exporán datos importantes para a finalidade informativa do texto, e evitárase introducir temas secundarios ou información non vinculada co tema principal.
- **Progresión temática.** O texto debe presentar información nova, e esta debe avanzar de modo lóxico e coherente.



A PROGRESIÓN TEMÁTICA

Chamámoslle progresión temática ao xeito en que a información avanza no texto, distinguimos dous tipos de información: TEMA e REMA

- ☐ O **tema** é a información coñecida polo receptor.
 - ☐ O **rema** é a información nova que se engade sobre o tema.
- Neste exemplo vemos como avanza a información:

Xaquín e Cristina (t1) son os meus mellores amigos (r1).
Os dous (t1) serán os padriños do meu fillo Lucas (r2).
Eles (t1) saben que o bautizo é moi importante (r3), por
iso escolleron un regalo impresionante (r4). O regalo (t2)
foi un precioso faldón con encaixe de Camariñas (r5).

A progresión temática pode darse nun esquema de tema continuo ou de tema derivado:

Tema continuo

Un furacán (t1) devastou onte o norte da
illa de Cuba (r1). Este fenómeno
atmosférico (t1) ocasionou numerosas
perdas materiais en vivendas e estradas
(r2). Tamén (t1, elidido) obligou a evacuar
varias cidades e vilas costeiras (r3).

Temas derivados

Podemos distinguir tres partes da célula (TX).
A membrana plasmática (t1) é a capa que
envolve a célula (r1). O citoplasma (t2) é o
espazo comprendido entre a membrana e o
núcleo (r2). O núcleo (t3) atópase no interior
da célula e dirixe as súas funcións (r3).

A COHESIÓN

A cohesión é o conxunto de elementos lingüísticos que levan a considerar un texto como unha unidade. Conséguese mediante diferentes mecanismos: a substitución, a repetición, os conectores textuais, a deíxe...



Era a hora do recreo. Mariña tiña fame.
Mariña esquecera o seu bocadillo na casa.
Mariña cría que ía quedar sen almorzar.
Sara, a mellor amiga de Mariña, deu a
Mariña a metade do seu bocadillo.



Era a hora do recreo e Mariña tiña fame,
pero esquecera o seu bocadillo na casa.
Ela cría, polo tanto, que ía quedar sen
almorzar. Non obstante, Sara, a súa mellor
amiga, deulle a metade do seu.

Vexamos neste exemplo que mecanismos de cohesión se empregaron:

Era a hora do recreo e¹ Mariña tiña fame, pero² Ø³ esquecera o seu bocado⁴ na casa. Ela⁴ cría, polo tanto⁵, que ía quedar sen almorzar. Non obstante⁶, Sara, a súa⁷ mellor amiga, deulle⁸ a metade do seu Ø⁹.

1. Conector aditivo
2. Conector opositivo
3. Elipse nominal de suxeito (Mariña)
4. Substitución por pronome tónico (anáfora)
5. Conector consecutivo
6. Conector opositivo
7. Substitución por det. posesivo (anáfora)
8. Substitución por pronome átono (anáfora)
9. Elipse nominal (bocado)

Outros mecanismos de cohesión:

Repetición

O Museo do Pobo sitúase en Santiago de Compostela. Este museo acolle importantes fondos antropolóxicos. Entre os seus recursos museísticos atópanse as maquetas e os paneis informativos.

Campos semánticos e campos asociativos

A avenida de Rosalía de Castro é a rúa principal do Milladoiro. Pero resulta que ademais é unha estrada nacional, unha estrada que soporta un tráfico incesante, dado que funciona como enlace coa autoestrada.

Substitución

Substitución gramatical

- Anáfora → (deixe endofórica)
- Catáfora →
- Elipse

Substitución léxica

- Sinónimos
- Hiperónimos/hipónimos
- Paráfrases

Substitución gramatical

Elipse

- **Elipse nominal:** *Rematei o libro de galego. Mañá comezarei o $\emptyset$ de castelán. / Lucas chegou ao instituto e $\emptyset$ entrou directamente na aula.*
- **Elipse verbal:** *Eu bailo salsa e Manuel, $\emptyset$ merengue.*
- **Elipse oracional:** *Elisa rematou xa o proxecto pero eu aínda non $\emptyset$.*

Substitución léxica

Sinónimos

Necesito xa outro **coche**. Ten que ser un **automóbil** barato e que consuma pouco.

Xan entrou no despacho do **xefe**. O **señor Lodeiro** levantou a vista e lanzoulle unha mirada de desprezo ao seu subordinado, a **ese rapazolo inseguro**.

Hiperónimos/hipónimos

O **león** axexaba os ñus entre os ramallos. A **fera** estaba famenta.

Este **calzado** apértame; vou ter que mudar as **botas**.

Paráfrases

Estou desexando que chegue a **primavera**. A **estación das flores** é a miña favorita.

A deíxe persoal permite identificar os participantes do discurso, está no pronomes persoais, desinencias verbais e posesivos: *Tes que ir buscar a Xiana, deixou a súa bolsa no parque.*

A deíxe espacial sitúa os espazos e lugares que ocupan as persoas ou obxectos, móstrase nos adverbios de lugar e nos demostrativos: *Non quero esas laranxas, mellor trae as que están alí no cesto.*

A deíxe temporal sitúa a acción nun tempo concreto, está nos tempos verbais e nos adverbios de tempo: *Viñeron onte e estarán aquí unha semana.*

Os conectores textuais organizan a información (ficha).

Tarefas:

1. O seguinte texto é un aviso da Universidade da Coruña, reescríbeo respectando a adecuación para avisar ao resto da clase mediante unha mensaxe de texto.

AVISO

Comunícaselles ás persoas interesadas que a conferencia que a escritora brasileira e Premio Príncipe de Asturias, dona Nélida Piñón, ía pronunciar o vindeiro día 12 de outubro, ás 19:00 h, no salón de actos do Edificio da Vicerreitoría do campus de Esteiro, ten que ser adiada por motivos de saúde da autora.

Ferrol, 10 de outubro de 2005

A organización do acto

2. Le as seguintes oracións e organizáas en parágrafos coherentes nun texto cohesionado. Axuda: son tres parágrafos que enfocan períodos e algún trazo especial das crianzas.

No quinto mes poderase comezar cos cereais e coa froita.

Só a partir dos dous anos o meniño alérxico terá unha dieta semellante á dos meniños da súa mesma idade.

Nos nenos alérxicos, a partir dos cinco meses comezarase cos distintos alimentos, pero de forma máis lenta ca a forma habitual.

O leite neste tempo mantense con fórmula de inicio, no caso de que non tome leite materno.

Ata o ano prodúcese a maduración de órganos e sistemas, cunha redución da secreción gástrica e pancreática, e a mobilidade intestinal e a resposta inmunolóxica.

Atrasaranse moito os alimentos máis susceptibles de producir alerxias, tales como o ovo, peixe e algunhas verduras.

Aos cinco meses, o bebé ten capacidade de transportar e tragar alimentos semisólidos postos na parte anterior da boca.